



## PAGO DE TAXAS DE XEITO TELEMÁTICO

1. Acceda ao seguinte enlace da Axencia Tributaria de Galicia (**ATRIGA**)

<https://ovt.atriga.gal/>

(premer “**Ciudadáns**”)

Se tan só precisa o modelo en branco para levalo ao banco hai que seleccionar DESCARGAR MODELO, e *cubrilo cos códigos que se indican abaixo (Modelo A1, tres páxinas)*.

**Se prefire facer o pago por internet ou descargar o modelo cuberto siga os seguintes pasos:**

2. Prema na casilla **Iniciar taxa** (acceso libre ao servizo, símbolo do candado aberto, ou acceso con certificado dixital, candado pechado)

3. Prema de novo en **Iniciar taxa**

4. Seleccione os seguintes **códigos**:

Consellería: 07-Educación, Universidade e Formación Profesional

Delegación: 40-Pontevedra

Servizo: 03-Ensino Medio

Taxa: 350700-Conservatorios de Música e Danza

Obxecto de pago: **Curso completo e Servizos Xerais**

Datos de pago: O importe da matrícula será a suma dos conceptos de **curso completo e servizos xerais**.

CONCEPTO	Taxa Normal	Familia numerosa
Matrícula curso completo	232,00 €	116,00 €
Servizos Xerais	13,00 €	6,50 €
Apertura de expediente académico	22,00 € (só alumnos novos)	11,00 € (só alumnos novos)
<b>TOTAL</b>	<b>267,00 €</b> (245,00 no caso de alumnos do centro)	<b>133,50 €</b> (122,50 no caso de alumnos do centro)

O importe da matrícula será a suma dos conceptos de **curso completo, servizos xerais** e, no caso de apertura de expediente no centro, o de **Inscripción por 1ª vez**.

\*O alumnado que solicitou bolsa de estudos poderá non abonar as taxas de matrícula.

\*O alumnado que fai dúas especialidades abonará as materias comúns e os servizos xerais unha única vez.

\*Se tedes dúbidas sobre o importe da matrícula ou vades validar algunha materia consultade cá secretaría.

5. Prema **Seguinte** e aparecerá a pantalla dos **Datos identificativos** nos que deberá cubrir os datos persoais do alumno, que é o suxeito pasivo. O **representante** será a persoa titular da tarxeta ca que realizará o pago.

6. Tras premer en **Seguinte**, aparecerá a pantalla de **MODO DE PAGO**.

Nela poderá escoller entre:

- Descargar o modelo presencial (modelo 730/731), para levar ao banco.
- Realizar o PAGO TELEMÁTICO (con tarxeta bancaria) nas seguintes entidades:

Usuarios sen certificado Taxas Telemáticas ou con NRC

IMPORTANTE: A columna "Presencial c/NRC" indica se a Entidade admite pagos presenciais con NRC.  
\* Existe un límite de 60.00 € para operacións de pago con tarxetas de outras entidades.  
\* Pagos presenciais fóra de Galicia só permitidos en ABANCA.

Entidade	Horario	Presencial c/NRC	Cargos en conta	Pago c/tarxeta
ABANCA 	Dispoñible para o ingreso telemático de 0:00 a 23:00 horas.	Si	Non	Todas
Caixa Rural Galega 	Dispoñible para o ingreso telemático de 23:30 a 20:30. Luns a xoves de 23:30 a 24:00 con data efectiva do día seguinte. Fin de semana a partir dos 20:30 do venres, con data efectiva do luns seguinte.	Si	Non	Propias
CaixaBank 	Dispoñible para o ingreso telemático de 1:00 a 23:00 horas.	Si	Non	Propias
Caja Rural de Zamora 	Dispoñible para o ingreso telemático de 23:30 a 20:30. Luns a xoves de 23:30 a 24:00 con data efectiva do día seguinte. Fin de semana a partir dos 20:30 do venres, con data efectiva do luns seguinte.	Si	Non	Propias
EVO Banco 	Dispoñible para o ingreso telemático de 23:30 a 20:30. Luns a xoves de 23:30 a 24:00 con data efectiva do día seguinte. Fin de semana a partir dos 20:30 do venres, con data efectiva do luns seguinte.	Si	Non	Propias

*\*Accedendo ao servizo con certificado dixital poderá facer o pago con tarxetas doutras entidades ou mediante cargo en conta se traballa cás anteriores entidades, có BBVA ou có Sabadell.*

Unha vez pagada a taxa, deberá enviar o resguardo xunto co resto da documentación (en pdf ou foto) á secretaría do centro ([cmus.pontevedra@edu.xunta.gal](mailto:cmus.pontevedra@edu.xunta.gal)) no prazo establecido. Asegúrese de enviar o resguardo da taxa (ver abaixo a imaxe) e non o xustificante do pago ca tarxeta.

<b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DE FACENDA Agencia Tributaria de Galicia	JUSTIFICANTE DE PAGO DE TASAS, PRECIOS, MULTAS Y SANCIONES DE LA COMUNIDAD AUTONOMA DE GALICIA		730
	Nº Operación	Nº Tasa	
<b>Obligado al pago o sujeto pasivo</b>			
NIF		Nombre o Razón Social	
Domicilio			
<b>Representante</b>			

Os candidatos que teñan algunha exención de taxas deberán aportar a debida xustificación.

- Por beneficiario de familia numerosa: categoría xeral (50%de bonificación) ou categoría especial (gratuita).
- Discapacidade (persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%)
- Víctimas de actos terroristas (así como cónxuxes e fillos).
- Víctimas de violencia de xénero (e os seus fillos).
- Os beneficiarios de bolsas ou axudas ao estudo (terán que entregar o resguardo da solicitude no momento da matrícula).